

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG12I1C8	<i>Expediente</i> CON/70/2017	<i>Fecha</i> 23-07-18 09:20

Número 21 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa a "obras de rexeneración do pavimento da calzada dos viais de acceso ao Palacio de Congressos e Exposicións de Galicia (Miguel Ferro Caaveiro-Fernando Casas Novoa)".

Destinatario

15078DCMG12I1C83



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 20 de xullo de 2018, adoptou o seguinte acordo:

**21 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL, MANTEMENTO E OBRAS PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA A "OBRAS DE REXENERACIÓN DO PAVIMENTO DA CALZADA DOS VIAIS DE ACCESO AO PALACIO DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS DE GALICIA (MIGUEL FERRO CAAVEIRO-FERNANDO CASAS NOVOA) " .**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial, de data 10.7.18, así como do informe da xefe de sección de Intervención, nº 2018/438, de 16.7.18, que conta co conforme da viceinterventora, favorable con observacións.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

**"Rafael Peña Vidal, concelleiro delegado de medio rural, mantemento e obras para o equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "Obras de rexeneración do pavimento da calzada dos viais de acceso ó Palacio de Congressos e Exposicións de Galicia (Miguel Ferro Caaveiro-Fernando Casas Novoa)", consonte aos termos establecidos no artigo 326 da Lei 972'17, de 8 de novembro, de contratos do sector público, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,**

**EXPÓN:**

Primeiro: Con data 12 de xuño de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador F. GOMEZ Y CIA SL.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1211C8	<i>Expediente</i> CON/70/2017	<i>Fecha</i> 23-07-18 09:20

Segundo: Con data 10 de xullo seguinte, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

**Primeiro**: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas empresas ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL e MARCONSA SL, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

**Segundo**: Rexeitar a oferta presentada pola empresa EMPRESA DE MEZCLAS ASFÁLTICAS SL (B94106747) por non acreditar debidamente a solvencia técnica requerida para a execución das obras obxecto desta licitación.

En consecuencia, procede a devolución da garantía definitiva constituída para responder das obrigas derivadas deste contrato por importe de 7.228,64 euros (avalista Caixabank SA: CIF A08663619) así como das correspondentes taxas de formalización (275,64 euros).

**Terceiro**: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa F. GOMEZ Y CIA SL (CIF: B15009533), por un importe de **150.054 euros** (IVE aparte 21%: 31.511,34 euros), ó ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha ampliación do prazo de garantía de cinco anos e un incremento do 1% no orzamento de control de calidade e de xestión de residuos, sobre os mínimos establecidos no prego.

Desígnase como técnico municipal responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños, canles e pontes municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 15320 61900-2017 4 VIASP 88 2."

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1211C8	CON/70/2017	23-07-18 09:20

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

**Primeiro:** Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas empresas ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL e MARCONSA SL, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

**Segundo:** Rexeitar a oferta presentada pola empresa EMPRESA DE MEZCLAS ASFÁLTICAS SL (B94106747) por non acreditar debidamente a solvencia técnica requirida para a execución das obras obxecto desta licitación.

En consecuencia, aprobar a devolución da garantía definitiva constituída para responder das obrigas derivadas deste contrato por importe de 7.228,64 euros (avalista Caixabank SA: CIF A08663619) así como das correspondentes taxas de formalización (275,64 euros).

**Terceiro:** Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa F. GOMEZ Y CIA SL (CIF: B15009533), por un importe de **150.054 euros** (IVE aparte 21%: 31.511,34 euros), ó ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, comprometer unha ampliación do prazo de garantía de cinco anos e un incremento do 1% no orzamento de control de calidade e de xestión de residuos, sobre os mínimos establecidos no prego.

Designase como técnico municipal responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños, canles e pontes municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 15320 61900-2017 4 VIASP 88 2.

O CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

